



POLITICA DE CALIDADE

No Grupo ITINERA, integrado pola ASOCIACIÓN ITINERA e o Centro Especial de Empleo ERIT-ITINERA facemos do cumprimento dos requisitos e expectativas dos nosos clientes e asociados a nosa máxima prioridade.

A nosa experiencia no campo de traballo coas persoas con trastornos mentais levounos á creación dun centro especial de emprego, desde o que damos servizos de mantemento de parques e xardíns, incluíndo a realización de obradoiros prelaborais prácticos, procurando unha inserción total. A través da Asociación realizamos actividades pensadas para a integración social das persoas con TMS, incluíndo a formación. Coa implantación dun Sistema de Xestión de Calidade, acorde coa norma UNE-EN ISO 9001:2015 pretendemos dar un paso máis na evolución da nosa organización.

Consideramos piares básicos na xestión da nosa organización os seguintes compromisos:

- A nosa actuación estará sempre orientada á satisfacción das expectativas e necesidades das nosas partes interesadas, traballando cada día para a satisfacción das persoas usuarias e dos nosos clientes, garantindo o cumprimento dos requisitos legais, dos requisitos contractuais, e do noso compromiso adquirido coa nosa sociedade.
- Todos os membros do Grupo consideran a calidade como un elemento esencial no desenvolvemento do traballo, integrando a mellora continua como elemento clave para ofrecer un servizo de mellor calidade.
- A Dirección proporcionará os medios e recursos necesarios para levar a cabo o cumprimento dos requisitos establecidos coas persoas usuarias, cos nosos clientes, administracións, colaboradores, persoas traballadoras e/ou provedores.
- A organización traballará para coñecer o contexto no que se enmarca a actividade, mediante a avaliación de factores internos e externos, e, realizando unha análise de riscos e oportunidades que serán tidos en conta á hora de abordar a planificación estratéxica, e establecer medidas que garantan a mellora continua dos nosos servizos.

A presente Política de Calidade representa a base sobre a cal sustentar a calidade en ERIT-ITÍNERA, así como na ASOCIACIÓN ITÍNERA constituíndo o marco de referencia para a consecución dos nosos obxectivos.

En Santiago, a 15 de xaneiro de 2022



Dirección